



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>SPN (silvicultura próxima á natureza).</b>
ESPECIE:	Masas (principalmente xénero <i>Quercus spp</i> ) consolidadas de frondosas autóctonas e outras formacións de frondosas.
OBXECTIVO:	Persistencia, producción múltiple e conservación da biodiversidade en masas consolidadas de frondosas autóctonas mediante silvicultura próxima á natureza.
<b>DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:</b> Todos os distritos forestais. Formacións de frondosas capitalizadas e con arborado de potencial comercial presente ou futuro.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Densidades	Formacións procedentes de rexeneración natural (>3.000 plantas/ha nos bosquetes en rexeneración). Arborado adulto de densidade e fenotipos axeitados para dar lugar a produtos comercializables sen necesidade de intervencións de enriquecemento. Método de beneficio de monte alto.
Mantemento	Rozas selectivas nos bosquetes en rexeneración, a modo de axuda á rexeneración natural ata a etapa de monte bravo. Rozas perimetrais con zonas de matogueira para facilitar rexeneración e reducir o risco de incendio forestal. En estados de bastío e alto fuste, evitarase a redución de diversidade do sotobosque por aplicación de roza, salvo rozas de especies heliófilas en áreas de ecotonos con matogueiras.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas	En xeral non serán necesarias. Posible aplicación de poda de formación, poda baixa e poda alta ata 5 m dun número reducido de árbores/ha.
Cortas de mellora e de rexeneración	As intervencións serán de mellora e rexeneración ao mesmo tempo (sistema selectivo ou de entresaca por grupos ou bosquetes). Rotación de cortas de 5 a 10 anos, actuarase simultaneamente en todas as clases de idade da masa. Peso de cada intervención inferior ao 20% dos pés inventariados. Reserva sen apeo de pés semementeiros, de gran copa e bo fenotipo, representando todas as especies de interese, para asegurar a rexeneración continua.

<b>CORTAS DE REXENERACIÓN E CONSERVACIÓN DE HÁBITATS</b>	
Conservación de hábitats	Asegurarse a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma.
Idade de corta	Non é necesario fixar unha quenda por non buscarse un sistema de xestión rotacional, senón de cuberta forestal continua. Reservaranse árbores á corta, distribuídos tanto individualmente como en grupos.
Cortas rexeneración de	Entresaca por grupos de pés ou por bosquetes, que manteña unha estrutura irregular a nivel de todo o rodal. Tódalas intervencións buscarán a apertura de ocos no dosel de copas por corta de madeira grossa aproveitável. Aplicación preferente de saca por cableado dende pista.